

Monforte de Lemos, 8 de marzo 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023.- A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0802

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### Anuncio

Que en data 14/03/2024, O pleno da corporación municipal en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo que literalmente di:

#### **“PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESAFECTACIÓN DE UN LOCAL DO C.P.I UXIO NOVONEIRA.**

Visto o acordo plenario de data 22/01/2024 onde se acorda entre outros, iniciar o expediente de desafectación do local de edificio do CPI Uxío Novoneira para destinalo a casa nido e polo tanto pasar a ser un ben patrimonial,

Visto a anuncio publicado en el BOP nº 20 do 24 de xaneiro e no taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro de exposición pública dende o 24 de xaneiro ata o 26 de febreiro de 2024 sen que se presentara alegacións no prazo de un mes.

Vista a Resolución de autorización de data 22 de febreiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades previa á desafectación do local na planta baixa do edificio do CPI Novoneira do Concello de Pedrafita do Cebreiro condicionado á realización polo Concello, das obras necesarias para illar esta parte do edificio do resto do centro e proporcionarlle unha entrada independente, ademais do desprazamento do almacén de bombonas e do depósito de gasóleo,

Visto o informe de secretaria intervención de data 08/03/2024

O Pleno da Corporación municipal por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar a desafectación do local na planta baixa do edificio do CPI Novoneira do Concello de Pedrafita do Cebreiro coa alteración da cualificación xurídica, pasando de ben de dominio público de servizo público educativo a ben patrimonial.

**SEGUNDO.** Realizar o acto de recepción formal do ben inmovible que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 del Regulamento de Bens das Entidades Locais.,

**TERCEIRO.** Anotar no Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica que sufriu o ben inmovible, tras a súa formación e aprobación.

**CUARTO.** Solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistrais necesaria así como comunicarlle á Dirección Xeral de Catastro Inmobiliario, aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) de Lugo, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Portal de Transparencia Municipal, aos efectos oportunos.

O presente acordo é un acto administrativo resolutorio que pon fin á vía administrativa. Contra o mesmo se poderá interpoñer polos particulares interesados recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado desde o día seguinte á notificación, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso correspondente no prazo de dous meses desde a notificación, en atención ao sinalado na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Jurisdicción Contencioso Administrativa. Non obstante poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno”

Pedrafita do Cebrero, 21 de marzo de 2024.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0793

## POL

### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 20 de marzo de 2024, aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego **para a limpeza dos centros escolares e dependencias municipais do Concello de Pol mediante o sistema de oposición.** As bases reguladoras estarán expostas

na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol, así como no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días naturais** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio.

Pol, 20 de marzo de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0794

## SOBER

### Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACION LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, 6 MESES, 100% DE XORNADA, DUN-HA TRABALLADOR-A, AUXILIAR ADMINISTRATIVO-A, (TITULACIÓN ACADÉMICA DE GRADUADO/A EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) OU TITULACIÓN EQUIVALENTE OU SUPERIOR.), NOMEAMENTO PERSONAL LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, PARA SERVIZOS ADMINISTRATIVOS, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO). CONTRATACIÓN ANTICIPADA.

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 20/03/2024, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección dun-ha traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2024 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 20 de marzo de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0795

## VILALBA

### Anuncio

**Procedemento:** Convocatoria e selección de funcionario de carreira.

**Número de expediente:** 547/2023

**Asunto:** Publicación do Nomeamento de persoal funcionario de carreira no cargo de Arquitecto técnico (A2) de Administración Especial

Á vista da convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 121 de data do luns, 29 de maio de 2023, co obxecto Convocatoria e selección de funcionario de carreira dunha praza de Arquitecto/a Técnico/a , A2/Administración Especial, con extracto de convocatoria no Diario Oficial da Galicia número 122 do Mércores, 28 de xuño de 2023 Páx. 40388, así coma no Boletín Oficial do Estado número 167 Viernes 14 de xullo de 2023 Sec. II.B. Pág. 102000.

Vista a Acta do tribunal de selección de data 15 de marzo do 2024 con código seguro de verificación 6ED273PRTCCECTDX5Z7SXX4PG, onde se propón o nomeamento e formalización da toma de posesión do seguinte candidato: